EXPTE: 19397-333.

ANEXO III.3.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 06 de marzo de 2020, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro orientadas á mellora da iluminación en campos de fútbol da cidade de vigo.

"De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de noviembre, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír ó financiamento dos gastos pola reforma das instalacións eléctricas vinculadas coa iluminación do terreo de xogo en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.
A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 80.000,00 € (oitenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás partidas orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.780.00.11 "Axuda investimentos campos de fútbol"	80.000,00 €	2020

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.
clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, o seu enderezo social en Vigo, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.
As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.